



AXUDAS GRANDES EMPRESAS EN FOEXGA 2025 CONVOCATORIA

Resolución do 6 de maio de 2025 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Grandes Empresas en FOEXGA 2025 (DOG Nº 93, de 16 de maio de 2025).

PARTICIPACIÓN NA FEIRA MARMOMAC 2025

Expediente IG423A-2025-000-000058 - Grandes Empresas

Expediente IG422B-2025-000-000034 – Pemes

Datas Feira 23 - 26 de setembro

A Cámara de Comercio de Tui e o Igape convocan a participación na Feira Marmomac 2025:

- **ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Tui e IGAPE
- **FINANCIA:** IGAPE
- **TIPO DE ACCIÓN:** Participación en feira
- **SECTORES:** Pedra natural, maquinaria e produtos e servicios relacionados.
- **OBXECTO:** Concesión de axudas por parte do Igape para favorecer o incremento da internacionalización das empresas galegas NON PEMES, coa finalidade de incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización.
- **PERSOAS BENEFICIARIAS:** Empresas con centro de traballo en Galicia que non cumpran a condición de peme.
- **DATAS DA ACCIÓN:** 20 ao 28 de Setembro de 2025.
- **DATAS DA FEIRA:** 23 ao 26 de Setembro de 2025.
- **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN:** 4 de agosto de 2025 (inclusive).

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das empresas efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

PLAN DE VIAXE PREVISTO

O plan de viaxe previsto é o seguinte:

Saída: 20/09/2025

Regreso: 28/09/2025

O plan de viaxe previsto pode variar en función das necesidades das empresas e das súas axendas. Polo tanto, as empresas poderán adapta-las datas de estancia e de viaxe ás súas necesidades sempre que cumpran coas bases establecidas.

MOI IMPORTANTE: *Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da empresa participante, ou que forme parte do consello de administración da mesma.*



CUSTO E SERVIZOS OFERTADOS POLA ENTIDADE COLABORADORA

Dependendo dos m² solicitados polas empresas beneficiarias para expoñer na feira, o custe aproximado da participación por empresa, podería ser o seguinte:

- Espazo 32 m²: 30.000€
- Espazo 48 m²: 45.000€

Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Axustaranse en cada caso.

Por favor, revise na seguinte ligazón, o documento aportado polo IGAPE onde figuran os gastos subvencionables para as Grandes Empresas:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_gl.html

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 7 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_gl.html

1. Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as grandes empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que superen os límites establecidos para a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 26.6.2014, L 187).

b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.

d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais, contando, como mínimo, cunha páxina web con versión en inglés.

e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia para ser persoa beneficiaria da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime de minimis, segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.

g) Que estean ao día nos pagamentos adebedados ás cámaras.

h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo (nin coas empresas pemes participantes na acción de correspondencia do Foexga) para poder optar á subvención, no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas, só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa



tanto directa como indirecta na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente a persoa interesada sobre o estado da súa petición, os dereitos e obrigas, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 6.6. O Igape porá a disposición deste programa unha aplicación no enderezo da internet

<https://spiga-sede.igape.es> para os efectos de cubrir o formulario de solicitude de participación electronicamente.

Este formulario deberá ser asinado e presentado ante a entidade colaboradora no prazo que estableza a correspondente convocatoria de acción, deberá xuntarse a documentación necesaria para que a entidade colaboradora poida efectuar a comprobación de que se cumpran os requisitos de persoa beneficiaria, así como xustificante do pagamento correspondente á cota de participación na acción.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 8 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_gl.html

Son obrigas das persoas beneficiarias, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 6.5 letras a), b), c), d), e) e g) obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Cubrir o formulario de participación no enderezo da internet <https://spiga-sede.igape.es> e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.
- c) Confirmar a inscrición na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria.
- d) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases e como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria como son:
 - DNI/NIE da persoa representante.
 - NIF da entidade solicitante.
 - NIF da entidade representante.
 - Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
 - Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
 - Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública.
 - Declaración de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

– Declaración de concesións de subvencións e axudas.

– Declaración de concesións pola regra de minimis.

e) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.

f) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de catro anos desde a súa presentación.

h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Consentir ao lgape para a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Artigo 3 das bases de axuda. Poden consultar o mesmo na seguinte ligazón:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250516/AnuncioO92-060525-0001_gl.html

1. Será subvencionable a participación das grandes empresas galegas, nas actuacións organizadas e executadas por unha entidade colaboradora no marco do programa Foexga 2025 nos países recollidos no anexo VII.

2. Serán subvencionables aqueles gastos que correspondan de xeito indubidable á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do proxecto para o cal foron concibidos, respondan aos seguintes conceptos e sexan facturados polas entidades colaboradoras.

Os conceptos admitidos son os seguintes:

- Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos, así como custo das entradas a feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.
- Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción.
- Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas.
- Alugamento do espazo, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, alugamento de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.



- Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente tanto para accións presenciais como virtuais.
- Viaxe dunha persoa da empresa participante (2 persoas no caso de actuacións do tipo expositivo).
- Aloxamento dunha persoa da empresa participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo (2 persoas no caso de actuacións do tipo expositivo).
- Traslados grupais.
- Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares, sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe.
- Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento á acción.

O período de execución dos gastos subvencionables denomínase prazo de execución da actuación e abarcará desde o 1 de xaneiro de 2025, ben que a totalidade das accións para as que se solicita a axuda non poderán estar executadas integramente no momento de presentar a solicitude de axuda (data da última factura), ata o final do prazo establecido na resolución de concesión, que non poderá superar a data establecida na resolución de convocatoria.

É dicir, o prazo de cada actuación abarcará desde o 1 de xaneiro de 2025 e rematará no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización de cada actuación, este prazo non poderá exceder o 30 de novembro de 2025 para as solicitudes con accións que se realizarán ata esta data e do 31 de marzo de 2026 para solicitudes con accións que se realizarán ata esta data. Este prazo será tamén o prazo en que se deberá presentar a solicitude de cobramento.

Excepcionalmente, serán considerados subvencionables os gastos relacionados coas reservas de espazos, viaxes e aloxamentos realizados antes do inicio do período de execución ordinario, sempre que se xustifique que estes gastos son imprescindibles para garantir a participación na actuación prevista.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado e non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Cando o importe dos gastos subvencionables supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor (importe igual ou superior a 15.000 € no caso de prestación do servizo ou adquisición do ben, no momento de publicar estas bases), a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á prestación do servizo ou da adquisición do ben, salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude de subvención ou agás que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de provedores que os presten ou subministren ou que as realicen. Neste caso, presentase un escrito acreditativo desta circunstancia asinado por un experto independente.

As tres ofertas ou orzamentos de provedores deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:



a) Comparabilidade: deberán referirse á mesma tipoloxía de elemento obxecto de investimento, con prestacións similares e conter conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.

b) Non vinculación: os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si nin coa empresa solicitante. Para estes efectos, enténdese que existe vinculación cando se dean as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos puntos 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

c) Identificación do ofertante e do destinatario: deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou código de identificación fiscal. Excepcionalmente, poderán admitirse ofertas ou orzamentos en que se omita algún dos elementos identificativos do emisor ou do destinatario cando, a criterio dos servizos técnicos do Igape, se considere que están clara e inequivocamente identificados o ofertante e o destinatario.

d) Data: todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión.

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non teñan a capacidade para a subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).

Con carácter xeral, para cada elemento será subvencionable o importe correspondente á oferta de menor prezo de entre as comparables. Excepcionalmente, cando a persoa solicitante non escolla a oferta de menor prezo, considerarase subvencionable o importe da oferta elixida, logo da sucinta motivación de que se trata da oferta economicamente máis vantaxosa tras a valoración de diferentes criterios técnicos adicionais ao prezo.

Cando a persoa beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables en que incorrese nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as súas modificacións posteriores.

3. Compensación ás entidades colaboradoras.

Dado que as entidades colaboradoras prestan unha colaboración necesaria por ser as encargadas de organizar e executar as actuacións, tamén serán compensados os custos necesarios de medios humanos e materiais que a entidade colaboradora asigne á actuación e que se establecen en 1.000 € por empresa participante na acción que resulte con dereito á subvención.

Estes custos constitúen a base da compensación económica que se vai aboar ás entidades colaboradoras, tal e como se recolle na cláusula quinta do convenio entre o Igape e as entidades colaboradoras para a xestión destas axudas. O aboamento destes importes ás entidades colaboradoras soamente compensa os gastos en que incorren as mesmas colaboradoras, pero en ningún caso constitúen un beneficio para elas.



CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será do 30 % sobre o importe a que se refire o artigo 4 das bases; isto é:

A axuda a recibir pola empresa pola participación en feiras internacionais é dun 30% sobre o importe dos conceptos subvencionables.

ATENCIÓN: este importe ten un límite de ata 32.000 euros subvencionables por empresa en cada participación en feira internacional. Polo tanto se unha empresa gasta 32.000 euros (o límite) recibirá como tope 9.600 euros de subvención (O 30% de 32.000 euros).

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención, a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme os parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta lles ingrese ás empresas os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días hábiles tras recibir a transferencia do Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás empresas, as entidades colaboradoras deberán remitirle ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións, contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, eo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓNS

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN: 4 de agosto de 2025 (inclusive).

Proceso de inscrición na acción:

Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un **CERTIFICADO DIXITAL** para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.

- **PASO 1** - Acceder á Oficina Virtual do Igape
 - Acceder á oficina virtual do IGAPE no seguinte link - <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>
- **PASO 2** – Comprobar alta en Programas Avanzados de Internacionalización – IG192
 - Unha vez que estea dentro da OFICIÑA VIRTUAL, debe comprobar se a súa empresa está xa dada de ALTA EN PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN – IG192.2024.1.
 - **EMPRESA XA DADA DE ALTA.** Pode continuar co proceso no PASO 3.
 - **EMPRESA NON DADA DE ALTA.** Deberá acceder ao apartado “PROGRAMAS IGAPE” e buscar o “Alta en programas avanzados de Internacionalización - IG192.2024.1 - Alta en programas de internacionalización” Teñen que acceder a ese formulario e solicitalo. O IGAPE daralle á empresa un número de alta que lle valerá para o proceso de inscrición na acción.



- **ATENCIÓN:** Esta solicitude nos PROGRAMAS AVANZADOS DE IGAPE DE APOIO A INTERNACIONALIZACIÓN a teñen que facer unha soa vez e xa lle vale para calquera subvención de internacionalización que pida a IGAPE a partires de agora.
- **PASO 3 – Inscripción na acción correspondente – IG423A**
 - En terceiro lugar, terán que ir o apartado “SOLICITUDES” > “CREAR SOLICITUDES” e no apartado “TIPO DE PROCEDIMIENTOS” buscar o IG423A FOEXGA GRANDES EMPRESAS.
 - Accedan a ese apartado e terán que cubrir un formulario de inscrición. **MOI IMPORTANTE:** Cando estean cubrindo este formulario, nalgún intre lles pedirá que identifiquen en qué acción están intentando inscribirse. O código desta acción para GRANDES EMPRESAS é: **Expediente IG423A-2025-000-000058**
 - Unha vez finalizado, deben ir o apartado LISTAR ACCIÓNS FOEXGA NAS QUE ESTOU INSCRITO: e aí poderán vela acción na que se inscribiu e descargar o xustificante de presentación que se chama INFORME SOLICITUD PARTICIPACION ACCIÓN.

PROBLEMAS COA INSCRICIÓN - ATENCIÓN: Dende a Cámara non temos acceso telemático á plataforma do IGAPE para seguir as inscricións das empresas polo que só dende o IGAPE poderán axudar á empresa que tivese problema para inscribirse:

E-mail: internacionalizacion@igape.es / igape@igape.es

Teléfono: 900 815 151

- **PASO 4 – Inscripción e pago ante a Cámara de Comercio**

Tras rematar de cubrir todo o formulario ante o IGAPE, deberán enviar a Cámara de Comercio de Tui (dg@camaratui.com) a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude de participación na acción asinado (IG423A) - formulario que a empresa cubre na Oficina Virtual do Igape (paso 3). Se teñen problema para descargar o formulario cumprimentado, obviar este paso.
- Instancia asinada: a instancia xérase automaticamente na Oficina Virtual do Igape, una vez cumprimentado o formulario.
- No caso de inscrición dunha sociedade, copia da acreditación da representación legal (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder).
- Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Certificado de Axudas de mínimos da Base de Datos Nacional de Subvenciones asinado: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/concesiones/minimis>
- Copia Certificados de estar o corrente coa AEAT, TGSS e Facenda (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia).
- Xustificante de abono a conta corrente da Cámara de Tui que se corresponde co pago da cota de inscrición de **1.210€** (1.000€ +21% IVA). O pago realízase en concepto de adianto, deducíndose da seguinte factura que se emita (no caso de que a empresa finalmente non participe na acción, o importe correspondente a inscrición, perderase).

Datos bancarios onde realizar o pago:

- Nº ABANCA ES0420805066713040011892
- Titular: Cámara Oficial de Comercio de Tui (Q3673002F)
- Concepto: Inscripción Feria Marmomac 2025 - Nome da empresa

O pago dos custes restantes, irase solicitando a medida que se produzan os gastos que se poidan categorizar como subvencionables e sexan revisados e aprobados pola Cámara



PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- Se se produce entre o comezo da acción e os 29 días anteriores á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

Se os gastos reais ocasionados superan as ditas porcentaxes, se lles repercutirán a maiores.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

Cámara de Comercio de Tui

Enderezo: Augusto González Besada nº 15 - 1º Dereita

Teléfono: 986600216

E-mail: dg@camaratui.com